

Informe sobre a posibilidade de exixir tella cerámica en edificación auxiliar en solo rústico (Concello de Arbo-Expediente XCP-22/013).

ANTECEDENTES

1.- O 02.06.2022 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1463445) oficio do Concello de Arbo no que eleva a esta Xunta Consultiva consulta urbanística sobre materiais a empregar nas cubertas das construcións auxiliares de solo rústico.

2.- No escrito de consulta, tras expoñer as dúbidas que ten o Concello polo que atinxe ao emprego de materiais que imitan a tella , termina preguntando:

“(…) É posible esixir o emprego de tella cerámica nas construcións auxiliares en solo rústico, ou ao non ter amparo legal, nin normativa que prohiba o emprego doutro tipo de materiais, cabería a utilización neste tipo de construcións ou edificacións de materiais que imitan a tella.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes, sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Arbo conta con Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente o 27.06.1998 e publicado no Boletín Oficial da Provincia do 15.07.1998.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, de 10 febreiro, do solo de Galicia*, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento sinala no seu apartado segundo que:

“2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

(...)

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicáraselle o disposto neste lei para o solo rústico.”

TERCEIRA.- A *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) establece no seu art. 39, sobre as condicións xerais das edificacións no solo rústico:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



"(...) c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica (...)"

Asemade, en canto ás normas de aplicación directa para a adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, o art. 91 LSG establece: *"(...) c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. (...)"*

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) límitase a reproducir no seu artigo 60 e 216 o contido da Lei do solo de Galicia.

Pola súa banda, cómpre sinalar que, en relación á cuestión sinalada, o Plan básico autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, establece na Ordenanza reguladora do solo rústico:

"Artigo 232. Condicións da edificación

1. Resultarán de aplicación as establecidas no Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

(...)

4. A elección de materiais deberá ser xustificada, procurando usar aqueles materiais de acabado nos que a textura e cor se integren cos predominantes no medio rústico.

5. As cubertas deberán adaptarse na súa configuración básica ás existentes e predominantes de cada zona xeográfica, en virtude de factores como a climatoloxía, a tradición construtiva, a evolución das técnicas construtivas e mesmo a busca da sustentabilidade ambiental."

"Artigo 233. Normas de protección e adaptación ao ambiente.

As condicións respecto das normas e medidas de protección do solo rústico para asegurar a conservación, protección e recuperación dos valores e potencialidades propios do medio rural, serán as contidas no Regulamento que desenvolve a Lei do solo de Galicia e nas normativas sectoriais en materia de ambiente, patrimonio cultural e natural e paisaxe.

Así mesmo tomaranse como referencia as guías da colección Paisaxe Galega, en particular a Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a Guía de cores e materiais.

As condicións específicas, a maiores das anteriores, poderán ser obxecto de regulación no seno dos plans básicos municipais, en función das características de cada concello."

Cabe indicar que, sobre esta cuestión, a Guía de cores e materiais de Galicia establece no seu Tomo VI (GAP Costa sur-Baixo Miño): "R07 ILLADA EN SOLO RÚSTICO (...)**MATERIAIS:** (...)

En cubertas utilizarase:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



- Calquera material cun acabado, tanto se é natural como adquirido, dunha das cores das cartas propostas, que non sexa cun acabado brillante.
- Materiais tradicionais, tella e/ou lousa segundo o xeito de uso tradicional na zona.
- Zinc ou cobre.
- Cubertas vexetais

CUARTA.- Á vista da regulación do solo rústico prevista na *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, e no seu regulamento, o concello non pode esixir de forma exclusiva a utilización de tella cerámica en cuberta no solo rústico, toda vez que a normativa sinalada non establece unha regulación detallada dos materiais e cores a empregar nas edificacións do solo rústico, limitándose a indicar que "*serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica*".

A maior abastanza, a Guía de cores e materias de Galicia prevé ou contempla a posibilidade de utilización de tella, pero permite que se poidan instalar cubertas de zinc ou cobre, vexetais ou doutro material cun acabado, natural ou adquirido, que empregue algunha das cores propostas e non teña un acabado brillante, así como outro material tradicional como a lousa, segundo o xeito de uso tradicional na zona.

QUINTA.- A actuación pretendida, de acordo co establecido na *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, é obxecto de título habilitante municipal, sendo competencia exclusiva do concello conceder o citado título, de acordo co establecido non artigo 25.2. a) *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*, e o artigo 12.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*.

A tal efecto e, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, a competencia para outorgar licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, debendo as mesmas outorgarse de acordo coas previsións da lexislación e o planeamento urbanísticos (artigo 350.1 do RLSG) e correspondendo ao concello valorar na tramitación do correspondente expediente de outorgamento de título habilitante de natureza urbanística, e á vista do proxecto e documentación que consta no mesmo, se a actuación prevista obxecto do título habilitante, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

CONCLUSIÓN

1.- De conformidade co réxime xurídico do solo rústico da LSG, o concello non pode esixir o emprego de tella cerámica para as cubertas a instalar nas edificacións auxiliares de solo rústico, sen prexuízo do que no seu caso podan establecer as normativas sectoriais que resulten de aplicación, nomeadamente, en materia de ambiente, patrimonio cultural e natural ou paisaxe.

2.- Dentro do marco normativo da LSG e do seu regulamento, o concello poderá proceder a aprobar o planeamento urbanístico e as ordenanzas que correspondan nas que, entre outras, poderá regular os materiais a utilizar nas edificacións en solo rústico,

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



de conformidade co establecido no artigo 57 da LSG e no artigo 130.2 do seu regulamento.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

